

Antón Riveiro  
Coello. Foto:  
Simón Balvís  
(2008). Fonte:  
AELG



antón riveiro coello faise co premio de narrativa e fernández paz co de literatura infantil e xuvenil

## A AELG entrega os seus galardóns a mellores obras do 2011

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) celebrou este sábado a Cea das Letras, onde fixo entrega dos seus premios anuais a obras e autores. Se a novela arousana de Antón Riveiro Coello *Laura no deserto* fíxose co premio a mellor narrativa, Agustín Fernández Paz continuou co seu ronsel de premios, recibindo o de mellor obra da literatura infantil e xuvenil por *Fantasma de luz*. Os premios honorarios recaeron para os Equipos de Normalización Lingüística, na categoría de Institucións, e na de Escritor Galego Universal, para José Luis Sampedro. No interior da noticia poden consultar toda a lista de gañadores.

**Literatura Infanto-Xuvenil**

*Fantasma de luz*, Agustín Fernández Paz, Xerais

**Mellor traxectoria de Xornalismo Cultural en 2011**

Bieito Iglesias

**Mellor Blog Literario**

*As crebas*, Miro Villar

**Tradución**

*Sonetos de Shakespeare*, Ramón Gutiérrez Izquierdo, Xerais

**Narrativa**

*Laura no deserto*, Antón Riveiro Coello, Galaxia

**Teatro**

*Chegamos despois a unha terra gris*, Raúl Dans, Xerais

**Ensaio**

*Vivir, unha aventura irrepitíbel*. Biografía de M<sup>a</sup> do Carme Kruckenberg, Mercedes Queixas Zas, Galaxia

**Poesía**

*Leopardo son*, Pilar Pallarés, Espiral Maior

---